

Capítulo 1: Bonnet

Cando un nace, non sabe nada de si. Non sabe como se chama a terra na que abre os ollos por primeira vez nin o nome que levará o resto da vida. Cando un nace, chora e berra por instinto de supervivencia, como calquera cría de calquera animal, e se ten sorte haberá ao seu carón alguén que coide del e lle dea comida e abrigo.

Cando eu nacín, a miña nai chamoume Providence porque era o nome daquela terra, e non hai que buscarlle máis voltas. Ela non pensaba que os nomes puidesen ter ningún significado especial, ningunha influencia sobre o destino. Eu tampouco o penso. O destino faino un mesmo, aínda que poida parecer que todo está decidido e que só nos queda xogar as cartas que unha banca descoñecida deu cando non estabamos aínda na partida.

E, no meu caso, parecía que todo estaba decidido dende o momento no que dei o primeiro be-

ro da miña existencia. Nacera muller, era negra e miña familia era escrava duns colonos brancos. Que había que elixir? Nada, abofé. Nacera escrava e condenada a aturar días e noites de miseria, medo e traballos, como os meus pais, ata o día no que, esgotada por unha vida que non se podía chamar vida, dese o derradeiro alento. Eu era o mesmo que un animal da granxa, unha vaca ou un porquiño que nace e ao que o amo, dende a porta do cortello, considera e taxa con calma pensando canto lle pode sacar. Os escravos negros son como os animais, e deben aprendelo dende que nacen.

Eu aprendino ben cedo. Se pecho os ollos, non son quen de lembrar a miña familia. O meu pai era Tom, e a miña nai Grace, pero case non teño lembranzas dos meus irmáns. A derradeira vez que os vin eu tiña nove anos, e xa pasaron dezasete. Nunca saberei se viven ou non. Nunca saberei se lembran a Providence.

Dende que fun capaz de valerme por min mesma, xa me puxeron a traballar. Sempre había traballo que facer na granxa: axudar á vella Cathy coa bogada, quitar as herbas nos campos para que os agromos medrasen aproveitando ben o esterco, limpar o millo. Un escravo empeza a traballar can-

do é capaz de sosterse enriba dos pés, e descansa cando morre.

Cando eu tiña nove anos (sabíao porque, segundo dicían, pasaran nove anos dende o grande incendio do almacén dos Jefferson, un suceso que aínda era rememorado nas noites de verán), produciuse un acontecemento na casa grande: a filla máis nova, Edith, ía casar cun cabaleiro que vivía lonxe, nunha illa chamada Barbados, unha illa da que ninguén de nós escoitara falar. A noticia, nun principio, provocou alegría entre os escravos. Edith era caprichosa e malcriada, todo o mundo falaba do mal carácter que tiña, e mallaba nos negros da casa da casa polo mínimo motivo. Ninguén a ía botar en falta.

Eu non a ía botar en falta. E digo isto porque eu ía marchar con ela á afastada illa de Barbados. Eu era parte do enxoval: caixas e vultos cheos de vestidos e de xoias, de chapéus e de luvas, de parau-gas con lazos e de zapatos con máis lazos, unha cadeliña con longas guedellas brancas chamada *Miss Bárbara* e varios escravos negros. Negros aos que se arrincaba do seu fogar, do leito coñecido e da calor da nai. Igual que se arrinca a unha cadela do resto da camada. A ninguén lle importa.

Á miña familia importáballe, claro. Pero iso tanto daba. Eles eran os amos, nós os escravos. Eles eran brancos e nós negros, e non había máis que falar. No caso de que alguén falase. Pero aos negros afaciánnos a calar e a obedecer a golpe de látigo. Así que ninguén dixo nada.

Eu tiña medo, claro, e só nove anos. Pero o medo, como dicía antes, é unha das poucas posesións que temos os pobres e que ninguén nos vai quitar nunca. E coa alma chea de dor e de medo empecei unha nova vida. Unha de moitas, aínda que non o imaxinaba.

Os primeiros anos transcorreron sen alteracións nunha vida predicible, chea de rutina e de traballo. Eu traballaba na bogada da casa, xunto con dúas mozas máis, Faith e Dora, vixiadas e supervisadas pola vella señora Douglas, unha muller de orixe inglesa que levaba moitos anos ao cargo da casa. Contaban cada prenda e cada peza de tea escrupulosamente: calzóns, camisas de durmir, panos... Era increíble a cantidade de roupa que os amos botaban a lavar, e pobres de nós se faltaba aínda que só fose un pano de mesa. Pero todos os escravos estabamos arrepiados ante os castigos da señorita Edith, agora señora Bonnet, que incluían

golpes nas plantas dos pés, queimaduras con cigarros acesos e outros castigos polo estilo.

Cando pasara pouco tempo dende que fixese os catorce anos, dixéronme que ía ser a doncela da señora Bonnet. A outra rapaza que ocupaba o posto “tivera un accidente”. En realidade, saltara dende unha rocha dos cantís. Non podía imaxinar canto sufrimento tivo que aturar para tomar semellante decisión. Eu quería sobrevivir, pero máis que sobrevivir quería vivir, aínda que tampouco tiña moi claro por que teimaba en vivir para levar unha vida semellante. Pero o que non ía facer era renderme.

Laváronme, refregáronme ben e puxéronme un vestido novo e unha cofia na cabeza, que recollía os meus cabelos trenzados. Despois fun á habitación da dona da casa.

Estaba chea de cortinas e mobles, todo en cores brancas e douradas. Eu nunca tal vira. A señora Bonnet olloume de arriba abaixo.

—Supoño que servirás. Como te chamabas?

—Providence.

Non vin chegar a labazada. Para ser tan mexericas, a señora Bonnet batía forte.

—Providence, “señora”. Non o esquezas.

Non o esquecín, aínda que o sangue me fervía. Aquela ía ser a miña vida no sucesivo: vestir á “señora”, peiteala, recoller toda a roupa que ciscaba polo chan, coidar da cadeliña, levarlle as bandexas coa comida... e andar de puntas para non incomodala.

Non durou moito.

Uns días despois, os meus amos ían celebrar un baile para os colonos brancos que vivían na illa. Eu apenas vira o amo, un home aínda novo, fraco e roxo, quen, segundo os criados, nos últimos tempos estaba a comportarse dun xeito raro. Víaselle moitas veces no peirao, preguntando por barcos, se era mellor unha balandra ou unha goleta, a maneira de aproveitar mellor o vento... O señor Bonnet non entendía de navegación, así que a xente pensou que era un novo divertimento de rico.

A noite do baile, a miña ama estreaba un novo vestido. Estaba estirado enriba do leito. Era de cor verde clara, cunha gran saia amidonada e un escote con forma de U, e con moitos lazos e repinicoques. De cor verde clara... ata que se me escorregou a bandexa coa merenda, e o té e a compota deixaron manchas escuras na saia do vestido.

—Maldita negra zoupona! —berrou a señora Bonnet, coa cara dunha viva cor encarnada.



Edith

Tremín como un vimbio. Se a señora Bonnet normalmente era capaz de anoxarse porque o té estaba moi doce ou porque as torradas estaban queimadas, agora era quen de mallar en min ata deixarme feita un farrapo. E non esaxero.

Cando alcei os ollos vin, arrepiada, que a señora Bonnet tiña un látego na man. Non unha fusta das que se usan para os cabalos. Non. Un auténtico látego de negreiro, como os que vira empregar tantas veces aló en Providence.

Escoitei como rachaba o aire, e logo sentín a dor máis intensa que experimentara na miña vida. O látego batérame no ombro, fendendo a pel e a carne ata o óso. O sangue empezou a xurdir. O látego volveu estar pronto para saltar.

—Edith, polo amor de Deus!

A dor enchérame os ollos de bágoas. A través delas, vin o señor Bonnet que suxeitaba o brazo da súa muller.

—Déixame, Stede! Vou matar esa negra porcona! Mira o que lle fixo ao meu vestido!

O señor Bonnet non mirou o vestido da súa muller senón, para o meu pasmo, o ombro do que escorregaba o sangue.

—Rapaza, vai á cociña e que che curen iso.
Lisca!

Obedecín, correndo a todo correr e deixando un regato de pingas escuras ao meu paso.

Despois de me curaren o ombro, fiquei nas cociñas. Non sabía que facer: se volvía á casa grande, a señora Bonnet castigárame dun xeito atroz, se cadra ata deixarme malferida ou eivada para toda a vida. E non podía marchar: aos escravos fuxidos ás veces deixábanos sen un pé para que non o intentasen outra vez.

Fun á corte, preto dos cabalos. Xa era noite pechada e o baile fora suspendido, segundo me dixera a cociñeira, «porque a ama tiña dor de cabeza». Non se escoitaba nada na casa grande.

De repente, sentín o son duns pasos. Sexa quen for, camiñaba do xeito máis silandeirollo posible. Quedei pasmada ao ver que era o amo, cargado cunhas alforxas. Empezou a poñerlle a sela ao seu cabalo. Eu non sabía que facer, pero nun intre tomara unha decisión. O amo sempre fora bo comigo.

—Señor...

Virouse sobresaltado.

—Ah, es ti. Que queres?

—Non sei que facer, amo. Teño medo de ir á casa...

Suspirou. Sentou enriba dun montón de palla e prendeu a súa cachimba. Pensei que era ben fácil que todo ardese.

—Marcho, rapaza. Todo na miña vida ata agora foi un erro —parecía falar para si, mentres ollaba os debuxos que facía o fume no aire da noite—. Nunca debín casar con ela. Non é boa. Non o é. Mira a quen llo vou contar —miroume—. Case quedas sen brazo. Así que marcho. Esta vida rematou para min.

Envexei aquela liberdade de decidir, de inventar unha nova vida. El podía, eu non. Eu non?

—Léveme con vostede —murmurei.

—Non podo. Ao lugar onde vou non poden ir as raparigas.

—Aínda que sexan negras escravas?

—Non.

Pensei con rapidez. Tiña que convencelo.

—Se volvo á casa, a señora vaime castigar.

Non dixo nada. Eu seguín:

—E non vai estar vostede para suxeitarlle o brazo. Non o fará ninguén.

Despois duns intres, levantou a cabeza.

—Como te chamas?

—Providence, amo.

—Non podes vir comigo sendo unha moza. Agora... agora serás Chris, é un bo nome. Busca por aí algunhas roupas do mozo que coida dos cabalos. E trae unhas tesoiras. Cómpre cortar esas guedellas. Tes que converterte nun mozo, e ninguén debe sabelo. Entendes? Xogas o teu pelexo. E non é unha ameaza, rapariga. Entendes? –repetiu.

Entendín. Aquel home estaba a salvarme da morte, incrivelmente. Un amo branco salvando unha escrava negra. Increible.

—E outra cousa –engadiu–. Xa non son o teu amo. Es libre. En adiante, rematou o de “señor” ou “amo”. Serei o capitán Bonnet.

Xa o dixen. Increible.

Aquela noite embarcamos no barco que o capitán equipara ás agachadas, unha fermosa balandra chamada *Revenge*, con setenta homes a bordo e dez canóns. Eu era Chris, o grumete, e decateime axiña de que ser home era moito máis vantaxoso que ser muller. Afixérame decontado a ser un mozo, e ninguén sospeitaba quen era en realidade. Naquel tempo non o sabía, pero había outras mu-

lles en barcos piratas. Mary Reade, Anne Bonny, por exemplo, que navegaron con Rackham, tamén facéndose pasar por homes. E seríamos máis, supoño, pero estivemos tan agachadas que nunca soube-
mos as unhas das outras, e nunca o mundo soubo de nós. Mulleres tan afoutas, ou tan desesperadas, que decidiron loitar no canto de lairse.

O capitán Bonnet tiña o espírito aventureiro, e estaba cheo de ilusións. A primeira vez que izamos no mastro a súa bandeira encheuse de orgullo, e eu tamén! A bandeira tiña unha caveira sobre un óso, cun cravo a un lado e un corazón ao outro. Era a bandeira do capitán Bonnet, e nós eramos a súa tripulación!

Pero as ilusións non abundan para ser un bo capitán pirata. De feito, están de máis. Bonnet non tiña o carácter que posuían Charles Vane, Bartholomew Rogers ou Jack Rackham. Nin Flint, sobre todo. Non sabía nada de navegación. Nin de saquear barcos, se imos a iso. Mentres iamos de Barbados a Virxinia asaltamos varias naves, e asistín a abordaxes, e vin o medo nos ollos dos nosos prisioneiros. Non lembro todos os nomes: *Turbet*, *Young*... Deixá-
bámoslos sen provisións... e dabámoslles outras, en troques. Máis que piratas, semellábamnos tendeiros

ambulantes. E, a fin de contas, non parecía mala vida. Ata que chegou Teach. Edward Teach, máis coñecido como Barbanegra.

Atopamos o seu barco, o *Queen's Anne Revenge*, cando iamos a Nova York. Todos oíramos falar de Barbanegra, pero aínda sinto un estremecemento ao lembrar a primeira vez que vin a súa bandeira, un demo esquelético sostendo nunha man unha copa e na outra unha lanza dirixida a un corazón vermello do que caen pingas de sangue. Aquela bandeira non era un bo agoiro para ninguén.

A tripulación non era coma nós: eran máis sanguinarios, moito máis duros. E moito máis rapseiros. Sobre todo Teach, que impresionaba a calquera con aquela barba inmensa e salvaxe chea de trenziñas atadas con lazos. Pero tras aquela barba había unha cabeza que pensaba, e o que pensaba ninguén o sabía.

O coitado de Bonnet asociouse con Barbanegra, quen lle parecía un pirata máis experimentado. E vaia se o era! O primeiro que fixo Teach foi quitarlle ao meu antigo amo o mando da *Revenge* e darlo a un dos seus homes, un tipo chamado Richards. E despois, cando capturamos outra presa, un barco chamado *Adventure*, Bonnet seguiu sendo

alguén a quen non se tiña en conta. Teach puxo como capitán da nova nave ao seu segundo, Israel Hands... un home a quen volvería ver moito tempo despois.

Naqueles días, o rei inglés promulgou un edicto no que daba o seu gracioso perdón a aqueles piratas que deixasen tan mal camiño. Seica moitos homes preferían arriscar a vida fóra da lei antes que traballar honradamente nos barcos do seu soberano... se cadra porque o trato era moito máis humanitario, pero de certo que ningún dos almirantes e lores británicos tería pensado xamais niso. Sorprendentemente, Barbanegra decidiu acollerse a aquel perdón, e Bonnet, que cada día se decatava máis de que a vida de proscrito non se lle daba moi ben, seguiu o exemplo de Teach, e, como se fose o recadeiro, marchou coa *Revenge*, cuxo mando recuperara, a Saint Thomas, a buscar os indultos, deixándonos a varios de nós no *Anne's*.

Eu fixera amizade con algúns dos tripulantes que embarcaran en Barbados, ao principio da carreira de Bonnet, e aínda lembro nomes: Daniel Perry, Jonathan Clarke, William Eddy, a quen todos chamaban *Eddy*, e o indio Joe. Non se chamaba Joe,



pero ninguén coñecía o seu nome verdadeiro. Era un indio semínola, e ninguén soubo nunca como acabou a bordo dun barco como o *Revenge*.

Cando o capitán Bonnet marchou inxenualmente a buscar o perdón do rei, nós, os de Bonnet, fixemos todo o posible por ficar xuntos. Non eramos uns xanciños, pero de Barbanegra un podía agardar calquera sorpresa.

Como a xogada que fixo o moi raposo.

Case tan axiña como as velas do *Revenge* desapareceron no horizonte, Teach empezou a sacar todo o que tiña algún valor do *Anne's* e a levalo ata o *Adventure*. Estaba claro que ía abandonar a súa vella nave. Só había un problemiña de nada: non cabiamos todos no *Adventure*, e entón Teach achou a solución máis simple: se non cabiamos algúns teríamos que quedar en terra. Ou non?

Dezasete homes. Fomos dezasete os que quedamos abandonados naquela illa maldita, preto de Topsail. Sen comida, sen botes, sen un triste madeiro co que poder fabricar unha barquiña. Aínda lembro as caras dos homes de Barbanegra cando marcharon. Will Cunningham, un artilleiro, ría a eito, o moi maldito. Hands seica tiña piedade de nós, a xulgar pola expresión da súa cara, pero non

ía discutir as ordes do seu capitán. Ninguén discutía as ordes de Barbanegra.

Dicir que eu estaba desacougada é dicir pouco. Moi pouco. Nos días felices a bordo da *Revenge*, escoitara moitas veces aos mariñeiros contar historias arrepiantes sobre homes abandonados en illas que eran só area e pedras; e aquelas historias falaban de asasinatos e de canibalismo. Eu era negra e non tiña nin quince anos. Empezarían polos máis febles?

Tentei manterme preto do indio Joe. El, pola súa parte, sentara xunto dunha rocha grande, e ficara alí, sen moverse. Como unha estatua de pedra.

—Pensas que imos morrer, Joe?

Os ollos, pequenos e grises, semellantes a dous anaquiños de aceiro cravados naquela faciana da cor da terra, fitáronme un segundo antes de mirar outra vez para adiante.

—Todos imos morrer. Os homes nacen e murren, é o seu destino.

Esperaba algo máis que unha frase que podería dicir calquera rapaciño que soubese falar. Non era o que eu quería escoitar, e decatouse.

—Tes medo, pequeno Chris?

Non me importou confesalo.

—Teño.

—Entendo. Cando un é novo, non quere morrer. Cando un é vello, tampouco quere morrer. Agárrase á vida aínda que sexa para comer papas e xa non vaia cazar cos homes da aldea —fixo unha pausa—. Mantente preto de min. Senta. Así non gastarás forzas que, se cadra, vas precisar.

Sentei á súa beira e vin que, dende aquela posición, podía ver todo o campamento dos abandonados. Aínda que dicir campamento é só un xeito de falar. Non tiñamos nin tan sequera con que facer lume. Nin auga. Era desesperante.

—Durme, Chris —dixo o indio Joe—. Eu velarei.

Seguín o seu consello. A verdade é que moitos de nós durmimos a oito, e se cadra por iso non houbo incidentes nin rifas.

Foron dúas noites e un día o tempo que pasamos alí. Sen pensar, porque se pensabamos poderíamos tolear en moi pouco tempo. Tiña a boca seca, cun cuspe espeso que case rascaba, e o estómago baleiro. Non eran os mellores aliados cando sentes que estás perdendo os folgos, e que vas esmorecer ata a morte. Sen remedio.

Ao amencer do segundo día, entreabrín os ollos e vin que o indio Joe xa non vixiaba os homes do campamento, a meirande parte deles espallados

polo chan, nas estrañas posturas nas que quedaran durmidos, senón que os ollos da cor do aceiro fitaban o mar.

Non sei como o soubo, e nunca llo preguntei. Pero, ao pouco, unhas velas foron debuxándose no horizonte. Medraron ata converterse nun barco.

E viña cara a nós, con todo o trapo despregado! Pouco tempo despois, recoñecín a nave.

—A *Revenge!*—tentei berrar, coa miña gorxa reseca resentíndose polo esforzo—. É a *Revenge!* O capitán Bonnet vén a por nós!

En efecto, o capitán Bonnet viña por nós. Pobre, daban ganas de botarse a chorar cando vimos o afundido que tiña o ánimo. Asemellábase a un deses nenos aos que é tan doado enganar. Non era para menos: burlado polo seu “socio” Teach, cos seus homes a piques de morrer... Como pirata sanguinario ninguén daría un can por el.

Aquel día, despois do rescate, decateime de que a vida do capitán Bonnet chegara a ser unha especie de fuxida para adiante. Non é que se fixese máis cruel, senón que... como dicilo? Seica tiña asumido que era pirata, e que non había volta atrás, e que os tempos nos que era o cabaleiro Stede Bonnet de Barbados, solteiro e feliz, marcharan para sempre.

Tivo a idea de perseguir a Teach para, segundo dixo, «facerlle pagar cara aquela desfeita». Non sei se realmente cría o que dicía. Con todo o respecto para aquel home, eu imaxinaba a unha galiña picando nas patas dun touro. Pero chegamos tarde á enseada de Ocrakoe, onde nos dixeran que andaba o pirata. Entón marchamos cara a Virxinia.

Bonnet decidiu mudar o seu nome e o nome do barco. A partir de entón, foi o capitán Thomas, a bordo do *Royal James*, que foi o novo nome que lle puxo á *Revenge*. A min, mudar o meu nome, converteme de Providence en Chris, dérame a oportunidade de ter non soamente unha nova identidade, senón unha nova vida. No caso de Bonnet, todo seguiu como decote.

Cando fixemos prisioneiro un barco que viña da colonia das Carolinas, soubemos unha nova que nos desacougou bastante: dúas balandras, cheas de canóns e de homes, a *Henry* e a *Sea Nymph*, viñan a por nós. E non eran piratas, senón homes enviados polo Consello da Carolina do Sur. Homes ao servizo do rei.

Atopáronnos pouco despois, e empezou un combate durísimo. As abordaxes que fixera Bonnet ás súas presas semellaban un convite para tomar

o té comparadas con aquilo. Os berros e o sangue rodeábanme, e as balas dos canóns caían sobre nós como graínzo, desfacendo todo o que se lles cruzaba. A loita foi feroz. Non sei como quedaron eles, pero da nosa tripulación morreron sete homes, e había varios feridos. Aos demais, cheos de cadeas, leváronnos a Charleston.

Metéronnos no cárcere da vila. Por unha casualidade, rematamos na mesma cela o capitán Bonnet, o indio Joe, un rapaz chamado David Harriot e eu. Eu xa non preguntei que ía ser de nós. Morreríamos. Salvárame de morrer de fame e de sede naquela illa maldita e chea de pedras para morrer pendurada polo pescozo, para edificación e contento das moi boas xentes de Charleston. O único que quería era que a miña identidade real só se descubrixe cando estivese morta. Non quería engadir a vergoña á miña desgraza.

Pero aquela noite ocorreu algo abraiante, case marabilloso. Un dos carcereiros deixou aberta a porta do calabozo, despois da cea. Nunca cheguei a saber se fora un descoido pola súa parte ou se obedecía as indicacións dunha persoa descoñecida. Pero penso que debeu de ser o segundo, xa que, ao saírmos moi ás agachadas do cárcere e chegar ao

porto, atopamos unha canoa con víveres, na que embarcamos e fuximos, antes de que alguén dese a voz de alarma.

—O mellor será ir á illa de Sullivan —susurrou Hariot—. Se cadra, cando busquen, irán por outra parte.

Remamos na noite escura. Apenas viamos nada, e tentabamos que o ruído dos remos ao bater na auga fose o máis lene posible, pero cando estábamos a piques de atracar a canoa nunha pequena praia da illa, uns disparos fixeron que nos désemos conta de dúas cousas: a primeira, que a nosa fuxida fora descuberta case tan axiña como deixáramos o cárcere, e a segunda que os nosos perseguidores sabían onde estábamos.

Moito tempo despois souben que o xefe dos que ían tras de nós era o famoso e temido coronel Rhet, o mesmo home que se encargara de armar as dúas balandras que nos derrotaron. Pero naquel intre, aterrorizada, sen ver nada na noite pecha, o único que sabía era que podía morrer en calquera momento.

Os disparos volveron xurdir da negrura, tras de nós, e escoitei xemidos apagados. Un corpo caeu ao meu lado. Era o indio Joe.

—Joe! —exclamei—. Joe, non morras!

—É o papo da perna. Fuxe, rapaz!

Botei os brazos ao meu compañeiro, tentando poñelo en pé.

—Liscade, axiña! —berrou Bonnet dende algún lugar—. Hariot está morto!

—Fuxe, Chris! —repetía Joe.

Naquel momento experimentei unha dor fortísima no brazo dereito, como se un ferro ardente o atravesase. Cunha forza que só podía xurdir da desesperación, sen coidarme do brazo ferido, tirei de Joe.

—I...mooooos! —rosmei, apreixando os dentes.

Como dous coellos asustados que escapan dun can, internámonos na illa e conseguimos agacharnos entre unhas árbores. Pero non nos perseguiron. Nós eramos pouca cousa para eles. Querían a Bonnet.

Tamén souben, máis tarde, que non todos os honrados e probos cidadáns daquela cidade tiñan o corazón de pedra. Houbo moitas peticións para que non aforcasen o capitán Bonnet, pero foron en balde. Todos os que quedaban da súa tripulación morreron na forca, agás Jonathan Clarke, que foi perdoado, aínda que non sei por que, e Joe e eu,

que puidemos atopar asilo nunha casa de Charleston, onde vivían uns mariñeiros coñecidos de Joe. Alí estivemos ata que as nosas feridas estiveron curadas e puidemos ter a seguridade de que ningún nos buscaba.